

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9.**  
**SESION CONSTITUTIVA DO 13 DE XUÑO DE 2015**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

No auditorio municipal da Casa do Concello da cidade de Vigo, sendo as once horas e dez minutos do día trece de xuño do ano dous mil quince, previa convocatoria ó efecto realizada polo Sr. Alcalde saínte, D. Abel Caballero Álvarez, reúnen-se os concelleiros proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona ós efectos de realizar a sesión constitutiva da nova Corporación Municipal resultante das eleccións municipais feitas o pasado día 24 de maio.

Comeza ó acto actuando de secretario o Secretario Xeral do Pleno, D. José Riesgo Boluda.

SECRETARIO XERAL DO PLENO: Bos días cidadáns/ás, como vostedes coñecen o obxecto da sesión de hoxe é a constitución da Corporación xurdida tralas eleccións municipais do pasado día 24 de maio. Así mesmo elixírase ao Alcalde da cidade para os próximos 4 anos. Para acadar estes dous obxectivos, a constitución da Corporación e a elección do Alcalde, é preciso cumprimentar diversos trámites legais e regulamentarios.

En primeiro lugar constituirase a Mesa de Idade integrada polos señores concelleiros electos de maior e menor idade que serán asistidos por min como secretario da Corporación.

A continuación a Mesa cotexará as credencias entregadas na Secretaría Xeral do Concello polos concelleiros/as electos, coa acta de proclamación remitida tamén a Secretaría Xeral pola Xunta Electoral de Zona.

Seguidamente os concelleiros electos un a un xurarán ou prometerán o seu cargo ante a Constitución de acordo coa fórmula legalmente establecida, tomando posesión do seu cargo.

Constituída a Corporación, o Pleno decidirá o sistema de votación que empregará para a elección do Alcalde, que poderá ser ordinaria, a man alzada ou ben nominal ou secreta. Seguidamente a Mesa de Idade proclamará os candidatos, aos concelleiros electos que presenten a súa candidatura á Alcaldía. Poderán presentar a súa candidatura á Alcaldía aqueles concelleiros que encabezaron a súa lista electoral da súa formación política o pasado día 24. Finalmente os candidatos a Alcalde, se así o desexan, expoñerán ante os concelleiros o seu programa de goberno.

Escoitados os programas de goberno, realizarase a votación de Alcalde. Concluída a votación o Alcalde xurará ou prometerá o seu cargo ante a Constitución, de acordo tamén coa fórmula legalmente prevista, e tomará posesión do seu cargo dende ese momento, entregándolle a Mesa de Idade o bastón de mando da cidade. Pois ben, conforme a síntese desta orde do día, procede a constitución da Mesa de Idade, para isto invito ao Excelentísimo Sr. Concelleiro D. Abel Caballero Álvarez a que se incorpore a esta Mesa, así como á concelleira D<sup>a</sup> Ana Laura Iglesias González.

## ORDE DO DÍA

- Constitución da Mesa de Idade.
- Xuramento ou promesa dos concelleiros/as electos/as
- Declaración da constitución da Corporación.
- Determinación do sistema de votación para a elección do Alcalde.
- Designación dos candidatos para o cargo de Alcalde da cidade.
- Intervencións para a exposición do programa de goberno por parte das formacións políticas que concorreran ás eleccións municipais.
- Elección do Alcalde.
- Xuramento ou promesa do Alcalde e toma de posesión.
- Intervención do Excmo. Sr. Alcalde.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Bos días, miñas primeira palabras serán para dar a benvida aos 27 concelleiros/as, que formamos a nova Corporación municipal da cidade de Vigo.

O número de concelleiros/as electos asistentes á sesión é de 27, que coincide co número legal de membros da Corporación, se constata pola tanto a existencia de quórum, suficiente para realizar a sesión constitutiva. Neste momento declárase aberta a sesión, ábrese audiencia pública, para a constitución da Corporación do Concello de Vigo. No expediente da sesión constan as credenciais dos 27 concelleiros/as electos, que se corresponden coa a certificación de proclamación remitida ao Concello pola Xunta Electoral de Zona.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Infórmase que o concelleiro electo, don Roberto Lagoa Santodomingo, que figura no número 6 da lista do Partido Popular, renunciou ante a Xunta Electoral de Zona ao tomar posesión do seu cargo, expedindo a Xunta Electoral, credencial a favor de dona M<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera, número oito de dita lista electoral.

Así mesmo infórmase que a totalidade dos señores/as concelleiros/as, presentaron na Secretaría Xeral do Concello a súas declaracións de intereses para incorporalas ao Rexistro Público, cumprimentando con iso a totalidade das obrigas legalmente esixibles para a súa toma de posesión.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Constatado o cumprimento das obrigas legais, de seguido vaise a proceder a formulación do xuramento ou promesa do

cargo. Cada concelleiro/a electo, pronunciará a formula ante o exemplar da Constitución, segundo vaian sendo nomeados pola secretaria vocal de mesa.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Por razóns formais serán os membros da Mesa de idade os primeiros en cumprir este requisito, a continuación seguirase a orde alfabética de apelidos. Don Abel Ramón Caballero Álvarez.

D. ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> OLGA ALONSO SUÁREZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. JAIME ANEIROS PEREIRA: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> UXÍA DOLORES BLANCO IGLESIAS: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer

gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA EGERIQUE MOSQUERA: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. JOSÉ MARÍA FIGUEROA VILA: Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. DIEGO JOSÉ GAGO BUGARÍN: Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. XOSÉ LOIS JÁCOME ENRÍQUEZ: Por imperativo legal, prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, sen renunciar aos meus principios soberanistas e republicanos.

D<sup>a</sup> MARÍA JESÚS LAGO REY: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer

gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> MARGARIDA LÓPEZ BARREIRO: Por imperativo legal, prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, sen renunciar aos meus principios soberanistas e republicanos.

D. CARLOS LÓPEZ FONT: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. MARÍA ÁNGELES MARRA DOMÍNGUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> ELENA MUÑOZ FONTERIZ: Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍNEIRA: Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. RUBÉN PÉREZ CORREA: Por imperativo legal, prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, sen renunciar á defensa dos meus valores e principios republicanos.

D. ÁNGEL PIÑEIRO LÓPEZ: Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. DAVID REGADES FERNÁNDEZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir

fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. CAYETANO RODRÍGUEZ ESCUDERO: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei, gardar e facer gardar a Constitución española e o dereito de autonomía de Galicia.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN SILVA REGO: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Habendo prometido ou xurado os seus cargos as señoras e señores concelleiros/as, declaro formalmente constituída a nova Corporación municipal da Fiel, Leal, Valerosa e sempre Benéfica cidade de Vigo, de acordo coas eleccións municipais de 24 de maio.

A continuación pasaremos e procederemos á elixir ó Alcalde da cidade e a estes efectos o Secretario Xeral do Pleno, explicará a formula pola que se vai a proceder.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Segundo o previsto no artigo 196 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, o procedemento de elección é o seguinte: Poden ser candidatos e candidatas á Alcaldía os concelleiros ou concelleiras que encabezaron as súas respectivas listas nas eleccións locais. Será designado Alcalde aquel candidato ou candidata que obteña a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación; un mínimo de 14 votos.

No suposto de que ningún candidato ou candidata obtivese esa maioría, será

proclamado alcalde o candidato que encabezou a lista que obtivo o maior número de votos nas eleccións realizadas o pasado día 24 de maio.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: O sistema normal de adopción de acordos nos concellos, e no Concello de Vigo, é a votación ordinaria que se manifesta a man alzada. Non obstante se se quere elixir alcalde mediante os sistemas de votación, xa sexa nominal ou secreta, iso requirirá a solicitude dese sistema por algún concelleiro ou concelleira e esa solicitude, en caso de ser formulada, deberá ser aprobada por este Pleno en votación ordinaria por maioría simple.

Polo tanto, solicita algún concelleiro ou concelleira votación nominal ou secreta para a elección de alcalde?

Non efectuándose ningunha petición de votación nominal ou secreta, o sistema de votación para a elección de alcalde será o habitual, ordinario a man alzada.

Agora procede a presentación de candidatas/os para a elección de Alcalde. Como xa se dixo por parte do Secretario Xeral do Pleno, poden ser candidatas/os, aquelas concelleiras/os que encabezaron as súas respectivas listas electorais nas eleccións locais que son os seguintes: don Rubén Pérez Correa de Marea de Vigo, dona Elena Muñoz Fonteriz do Partido Popular e don Abel Caballero Álvarez do Partido dos Socialistas de Galicia, PSOE. Dos concelleiros/as citados deben levantar a man os que desexamos optar á elección.

Optan a elección de Alcalde da cidade de Vigo o concelleiro don Rubén Pérez Correa, a concelleira dona Elena Muñoz Fonteriz e eu mesmo, concelleiro don Abel Caballero Álvarez.

Agora imos proceder á exposición dos proxectos, os candidatos das formacións políticas que concorreron ás eleccións, dispoñen, se así o desexan, dunha quenda de intervención para expoñer o que desexen respecto ao seu programa de goberno. As intervencións serán por orde de menor a maior, ten a palabra o Sr. Don Rubén Pérez Correa de Marea de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Bos días a tódolos concelleiros/as que hoxe comezamos esta andaina, bos días tamén ao público, a xente do común que está hoxe aquí, bos días tamén ao traballadores/as públicos.

Pensamos que se estas tres patas que hoxe estamos presente neste Pleno, neste



edificio, funcionamos ben, seguramente este Pleno, esta lexislatura vai ser produtiva, porque vimos dun proceso electoral que polo menos para esta forza que irrompe agora no Concello de Vigo é absolutamente anovador, primeiro porque o que vimos a representar, o que queremos construír é precisamente un espacio diferente de representación política, un espacio de unidade popular, e polo tanto, consideramos que ese espacio foise construíndo dunha maneira moi importante no conxunto de vilas e grandes cidades deste país, nomeadamente a través destas Mareas que imos gobernar cidades importantes de Galicia, pero tamén a través de procesos de unidade popular que imos a cambiar a correlación de forzas no conxunto do Estado español, porque para nós, independentemente da correlación de forzas que están neste Pleno, que estamos aquí tres persoas aquí ao fondo, algo está cambiando neste país e o sistema político herdado da transición, da mal chamada transición, esa quenda entre dous grandes partidos está tocado de morte e para iso, tamén a Marea vai facer un traballo de que ese tocado de morte se acabe configurando como real.

Aínda así, non imos ser os concelleiros/as de Marea de Vigo, os que teñamos unha posición de avestruz metendo a cabeza nun burato, nós somos conscientes da correlación de forzas que existe neste Pleno. Felicítamos, por suposto, ao Sr. Abel Caballero e ao seu equipo por este resultado excepcional, resultado que ten que ver precisamente tamén, e temos que analízalo colectivamente as forzas políticas que estamos neste Pleno, cunha desafección política do máis do 40% dos cidadáns desta cidade que decidiron non asistir nas urnas. Pero tamén desafección por un sistema electoral, por unha lei electoral que impide que unha forma política, cunha representación absolutamente lexítima e suficiente para estar neste Pleno, como era o Bloque Nacionalista Galego, por esta lei electoral está sendo excluído hoxe de estar neste Pleno. Ese 5% que a Marea tamén vai combater para que nas nosas corporacións locais no exista ese copo que impide a pluralidade e a presenza de forzas políticas que teñen voto suficientemente cualificado.

Polo tanto, felicítamos ao Sr. Abel Caballero que entendemos que vai ser o próximo Alcalde desta cidade, pero pensamos que é o momento tamén de xestionar con audacia e xestionar con criterio absolutamente horizontal e democrático esta maioría absoluta.

Coincidíamos na análise que facía o futuro Alcalde no proceso electoral e días

despois de coñecer o resultado, de que Vigo precisaba un cambio, de que había que cambiar moitas cousas, ben é certo que o dicía na correlación e na identidade que Vigo ten con respecto a outras institucións como é a Autonómica ou a provincial. Nós estamos completamente de acordo de que Vigo e as cousas teñen que cambiar nesta cidade, por iso presentamos esta candidatura, non é unha vontade de tres concelleiros/as que sabemos perfectamente que temos o poder neste Pleno que temos, pero presentamos esta candidatura porque nós queremos facer unha emenda á totalidade, ó modelo de cidade que se está consagrando e que obviamente se está tamén consagrando por parte dunha parte substancial da cidade, e queremos convencelos de que este modelo de cidade vai acabar sendo, seguramente, un dos grandes fracasos dunha proposta de cidade integradora, que teña cobertura social, unha proposta que non estea vendida ás concesionarias privadas.

Por suposto que queremos cambiar moitas cousas en Vigo, queremos saber por que nesta Corporación segue xestionando a nosa auga pública, unha empresa cun sistema absolutamente arbitrario e inxusto de tarificación, queremos saber por que as concesionarias privadas estanse levando os nosos servizos sociais, precarizando o traballo e sobre todo os servizos. Queremos saber que ten pasado nos últimos meses, queremos saber por que hai precisamente concelleiros imputados na nosa Corporación, queremos saber por que non hai comisións de investigación que nos digan abertamente que se está xudicializando, os concelleiros/as teremos dereitos a saber que parte da xestión municipal está agora mesmo en procesos xudiciais, e sobre todo queremos saber porque unha cidade está sendo adornada, engalanada mentres centos de persoas teñen que asistir ás colas da inxustiza, ás colas como dicimos nós, a pornografía da pobreza para conseguir unha axuda social absolutamente insuficiente do que ten que ser un sistema integrado que ten o un concello. Queremos saber por que as demandas de axuda de RISGAS se dilatan máis alá de dous meses, por que non existe o ratio de traballadores sociais que marca a propia lei e que marca o colexio de traballadores, queremos saber como se contrata e queremos saber os nomes e apelidos dos que se contratan e mediante que procedemento se contrata.

É unha emenda posiblemente á totalidade, non é unha emenda a esta Corporación, seguramente o que propón a Marea é unha emenda a trinta anos de

funcionamento das corporacións locais, pero para iso veu a Marea e as mareas cidadáns aos espazos de representación institucional, para emendar practicas que consideramos que a cidadanía xa castiga afortunadamente, a cidadanía xa a quere eliminar. Imos ser absolutamente leais aos procesos democráticos que se establecen na lexislación, imos ser absolutamente leais ao que ten que ser o funcionamento dun Pleno, porque cremos no Pleno, nesta figura para artellar a política da cidade, non cremos na Lei de grandes cidades, non cremos na reforma local do Partido Popular que vai converter este órgano practicamente nun mero espectador invitado á toma de decisións que vai facer precisamente a Xunta de Goberno do Alcalde.

A Marea está aquí para colaborar por suposto coa cidade, coa maioría social desta cidade que somos os agredidos, os traballadores/as, con lealdade por suposto, non ao Rei senón con lealdade a este Pleno que é o que primeiro nos debemos e dende logo a vontade de Marea é levar adiante un programa que pivota sobre todo nunha realidade, queremos recuperar para o público gran parte do que foi privatizado, alleado nos anos 90, queremos recuperar para o público o proceso de participación cidadá. Queremos que os orzamentos se abran á cidadanía, que podamos entre todos/as construír decisión política neste Pleno, e niso imos estar. Dende logo a Marea, os concelleiros/as da Marea sabemos que nós só non o imos conseguir, que temos un peso específico neste Pleno, pero polo tanto dicimos que imos ter un pe aquí e outro na rúa para que entre todos podamos mudar, efectivamente ese lexítimo modelo de cidade que foi avalado por moitos vigueses/as, pero que nós imos convencer de que está errado e que hai que cambiar unha cidade para que unha cidade integre e non sexa simplemente fermosa. Gracias.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: A continuación ten a palabra a Sra. Elena Muñoz Fonteriz no nome do grupo Popular.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Moitas gracias, bos días a todos, aos novos concelleiros deste Pleno municipal, ás autoridades, a tódolos aquí presentes, quero que nesta miña intervención, as miñas primeiras palabras sexan para mostrar o meu profundo respecto e un sincero agradecemento.

Respecto o que temos tódolos membros deste grupo do Partido Popular pola

institución na que nos atopamos e dende a que decidimos servir aos cidadáns e a nosa cidade.

Quero facer pública aquí o nos compromiso, unha vez máis, inquebrantable con Vigo e co compromiso con Vigo tamén do Partido Popular. Será como sempre firme e inequívoco, alí onde os cidadáns decidan situarnos en cada momento.

Adicarémonos por enteiro a esta tarefa coa máxima ilusión e con plena responsabilidade, como se fixo sempre dende o grupo Popular neste Concello e dende aquí quero ter un recordo para tódolos concelleiros do Partido Popular que estiveron traballando por Vigo e polo vigueses nos últimos anos.

Tamén quero mostrar o meu agradecemento aos miles de vigueses que quixeron expresar democraticamente a súa vontade nas urnas o pasado día 24 de maio, especialmente aos que nos deron o seu apoio, pero tamén con independencia da opción política á que decidiron votar.

A todos débemoslle agradecer que apostasen pola camiño da democracia e da participación pacífica e responsable nun tempo tan difícil como o que nos toca vivir. Un tempo de evidente inestabilidade e cargado de tantas incertezas. Os que aquí ocupamos a representación do pobo temos agora o deber de acertar nas nosas decisións, de velar polo ben común, e tamén temos a obriga de persuadir a eses vigueses que non participaron esta vez para que o fagan tamén no futuro.

Neste momento e para os próximos catro anos afrontamos unha tarefa de recuperación económica que non será en ningún caso un traballo individual, nin dun grupo, senón un traballo colectivo e masivo, un traballo de todos e para todos. A historia dinos que Vigo foi sempre máis forte dende a súa pluralidade e a súa diversidade, pero sobre todo cando buscou a unión en lugar da división.

A cidade é máis débil cada vez que se divide, cada vez que se separa ou cando equivoca a súa dirección. Hai un popular proverbio que di “se queres ir rápido, vai só; se queres chegar lonxe vai acompañado”, paréceme que é moi acertado porque Vigo necesita aos demais igual que os demais necesitan a Vigo. É dende este convencemento como debemos recuperar o liderado de primeira cidade de Galicia, o noso reto a partires de agora é comezar a liderar, e lidérase dende o convencemento, sumando ideas e non freando as que chegan dos demais, lidérase gobernando para todos e tendo en conta a todos.

Estes próximos catros anos marcarán o futuro de varias xeracións de vigueses e

gustaríame apuntar algunhas das áreas clave que afrontamos e as tarefas necesarias que debemos acometer nestes anos de recuperación económica, porque creo que as únicas sendas de verdadeiro progreso serán as que dende agora mesmo nos sirvan para xerar emprego, riqueza, solidariedade e esperanza, un camiño que nos axude a todos a corrixir os rumbos equivocados, sen perder máis tempo porque cada minuto perdido é un terreo cedido ao demais. Un camiño onde os proxectos ocupen o espacio das descualificacións e onde o liderado necesario adopte a súa forma máis eficaz e eficiente que é a forma da razón, do entendemento, do diálogo, da cooperación e do sentido común.

Acertar agora será clave para que Vigo non se atrase máis e non siga perdendo posicións e neste obxectivo, insisto, que ninguén o dubide, todos necesitaremos de todos, xa non caben as distraccións, iniciamos un camiño onde negociar non pode significar pelexar. Nese delicado traballo ao Concello correspóndelle un papel fundamental, no marco das súas competencias pero non hai que esquecer que é a administración máis próxima aos cidadáns, a máis directa e a mellor preparada para escoitar, e iso implica tamén tomar a iniciativa.

O concello de debe cobrar protagonismo nestes momentos marcando o camiño correcto, dende agora mesmo poño o meu esforzo e traballo e o de todo o meu grupo ao servizo dese interese colectivo para as viguesas e os vigueses, ao servizo da recuperación social e económica da nosa cidade, queremos propoñer, estamos preparados para propoñer e para resolver e facémolo despois de escoitar, de comprender e de poñer aos intereses xerais de Vigo por enriba de calquera outro interese persoal ou partidista, e para todo iso estamos convencidos de que necesitamos un concello transparente, que abra portas e que teña as súas portas abertas porque o que non convén agora mesmo é un concello que levante muros en lugar de derribar as barreiras.

Propoñemos poñer a esta administración a traballar na xeración de mellores condicións para as familias e para as empresas, un concello solidario coas persoas e o que é máis importante aberto e que traballe para todos. Debemos afastarnos dun concello promotor de hostilidades entre veciños, colectivos ou institucións, hai que xuntar vontades e escoitar necesidades.

Un dos obxectivos fundamentais nestes próximos anos debe ser sen dúbida o apoio ao emprego, un concello que desenvolve políticas activas, políticas de

emprego reais, facilitando axudas aos desempregados, traballando con programas de emprego para todos e especialmente para colectivos con maiores dificultades como os mozos ou os maiores de 45 anos. É necesario abrir novas liñas de colaboración, apoiar aos emprendedores, acompañar e facilitar financiamento aos emprendedores e aos empresarios con ideas que pretendan apostar por Vigo.

Son vías útiles os microcréditos ou as modificacións fiscais e tamén xerando espazos para o emprendemento da man do maior axente económico público co que contamos que é a Zona Franca, colaborando con eles e con tódalas nosas institucións. Con ela e coa iniciativa privada abrindo espazos de innovación e emprendementos enforcados sobre os nosos sectores, os sectores que fan de Vigo a cidade que é, os nosos sectores do Mar, a automoción, o naval ou a biotecnoloxía. O obxectivo é traballar para que este concello sexa unha vantaxe competitiva para investir e non un impedimento de calquera inversor. Tamén apostamos por unha reforma a fondo da administración local, comezando por un maior control do gasto público, cremos que é posible mellorar a administración para facela máis eficiente, e consideramos que esas melloras permitirán poñer en práctica unhas mellores políticas sociais, porque ese debe ser outros dos eixos vertebradores dos próximos anos, reforzar as políticas sociais, os servizos do Concello adicados ao apoio das persoas que máis o necesitan, sen dúbida é a nosa obriga.

Tamén é a nosa obriga que o Concello sexa máis transparente, que controlemos o funcionamento das concesionarias e por iso cremos imprescindible facer unha auditoría a tódalas concesionarias para controlar as súas actuacións e o cumprimento estrito de tódalas súas obrigas, e cremos que tamén é urxente atender algunhas das demandas cidadáns que se intensificaron nos últimos meses, como a modificación do recibo da auga para que os veciños de Vigo paguen pola auga que consumen, para evitar que as persoas que consumen pouco, que viven soas e que gastan pouco se vexan obrigados a pagar nalgúns casos ata catro veces máis do que en realidade utilizan. Ou como a necesidade de corrixir o desequilibrio actual entre o casco urbano e o rural, un desequilibrio que se nota nos servizos e na diferenza de acceso aos mesmos.

Temos por diante moito traballo nesta materia e non hai un só minuto que perder para desfacer estas diferencias que nalgúns casos son inexplicables a estas

alturas, e falo tamén por exemplo, da necesaria reforma do transporte público, é importante facilitar ese transporte a tódalas partes na nosa cidade como tamén é importante ampliar o servizo ao transporte da Área Metropolitana, porque o transporte público non estará completo sen un completo transporte metropolitano. Agora os vigueses aforran tres veces menos que os cidadáns doutras grandes áreas de Galicia, e dende logo o goberno que saia deste pleno ten a obriga de darlle aos vigueses as mesmas vantaxes que ao resto de cidades galegas, porque ademais é necesario recuperar en Vigo o espírito metropolitano, e que a xa constituída Área Metropolitana de Vigo opere de verdade e canto antes. Vigo, sen dúbida, debe ser o concello líder dunha gran área metropolitana que comparta servizos en lugar de partir, para que os servizos comúns melloren e sexan máis baratos para os cidadáns, e para que esta cidade lidere de verdade aos seus veciños dende a concordia, como cabeceira dun territorio xeo-estratéxico que é a capital natural dunha euro-rexión con máis de seis millóns de habitantes.

Tamén temos que estar do lado das familias, para elas cremos que é imprescindible habilitar bonificacións fiscais, hai que aproveitar a recuperación económica, hai que aproveitar a situación financeira do concello para facer unha rebaixa fiscal e que haxa máis cartos en mans dos cidadáns e menos en mans das administracións.

Agora é o momento de seguir explorando ese camiño xerando actividade no municipio, aforrando na administración e transferindo esa maior capacidade económica ás familias, e tamén estimulando políticas para que a xente queira vivir neste cidade, formar unha familia en Vigo e, por suposto, investir. Hai que reforzar os apoios aos nosos sectores que fagan unha labor importante na cidade como o deportivo ou o cultural, e faremos todo isto ofrecendo e esixindo a maior axilidade e transparencia na xestión municipal, porque as viguesas/es teñen dereito a saber que fan os seus gobernantes, como o fan, con que recursos e baixo que argumentos legais. Será unha esixencia diaria na xestión municipal por parte do Partido Popular, como serán tamén cuestións que afectan nos equipamentos paralizados contra os intereses xerais da cidade e dos cidadáns, hai que habilitar de forma urxente os terreos para que se constrúa nesta cidade, a cidade da xustiza e tamén hai outras infraestruturas que tamén necesitan a cidade que deben facerse, demanda colaboración con tódalas administracións, por exemplo, o túnel

de Beiramar, o de Xulián Estévez ou a Estación Intermodal para que se fagan os accesos necesarios a elas, e tamén unha vez que nesta lexislatura o AVE chegue a Galicia seguir reclamando a imprescindible conexión con Cerdedo que é algo que necesita de forma urxente esta cidade, e tamén contribuír a potenciar o noso aeroporto. Isto hai que facelo dende o diálogo e dende a cooperación, dende o diálogo aberto e sincero e con todos.

Son plenamente consciente de que a relación de forzas neste Pleno converterá nuns minutos ao candidato socialista no próximo Alcalde de Vigo, dende aquí transmítolle todo o meu respecto e o respecto do Grupo Popular e tamén lle digo que dende hoxe mesmo estaremos traballando sen descanso para facer unha oposición construtiva e responsable. Seremos un canal aberto aos cidadáns para que a voz de Vigo se escoite en cada Pleno, en cada comparecencia, en cada comisión de traballo, en cada órgano de representación municipal, é seremos especialmente sensibles con aqueles aos que se lle nega a voz e a palabra e aos que máis o necesiten. Sensibles cos que non teñan un trata de igualdade ou que sexan afastados por pensar ou expresarse dunha maneira diferente, seremos o eco desas voces porque aquí todos merecemos ser escoitados, gusten ou non as nosas opinións e doan máis ou menos as críticas.

Igual que sempre estaremos para solucionar os problemas porque ese é tamén o noso firme compromiso, a nosa responsable convicción, creo que a política está para arranxar as cousas e melloralas e non para xerar problemas cambiar a realidade pola conveniencia ou confrontar con todos en lugar de perseguir a colaboración de todos. Nós aportaremos solucións para os cidadáns e traballaremos por elas, coa axuda e a colaboración do resto dos grupos municipais ou sen ela, chamando a tódalas portas que haxa que chamar, e contando en cada paso, movemento, en cada suxestión coa opinións dos veciños/as de Vigo. Non atoparán en nós a un grupo de traballo e a un grupo municipal que poña obstáculos porque si, no será a nós a quen nos moleste o crecemento portuario, o crecemento da cidade, a mellora da cidade ou nos incomode o acompañamento dos grandes sectores produtivos.

No Partido Popular os vigueses atoparán aliados para demandar mellores servizos, mellores equipamentos e mellores infraestruturas dende a coherencia, dende a tolerancia, dende o respecto aos intereses xerais e dende a cooperación entre as



persoas e as institucións, non estamos aquí para xerar problemas senón para resolvelos, e como dixo o Sr. Einstein “os problemas non se resolven pensando da mesma maneira que cando os creamos”, esa é a miña convicción e dende logo, a do grupo municipal do Partido Popular, ese é o noso compromiso con Vigo e coas veciñas/os desta cidade. Vigo é a cidade máis importante de Galicia, todos temos a obriga de facela mellor para as nosas familias, os nosos sectores produtivos e para tódalas persoas. Dende logo o grupo do Partido Popular, o grupo municipal, así o fará, dende o lugar que nos toque traballar, en todo momento e con toda a nosa decisión e capacidade política. Nada máis, moitas gracias a todos.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Corresponde a palabra agora a min, voceiro e candidato do grupo Socialista.

SR. CABALLERO ÁLVAREZ: Quero que as miñas palabras volvan ser de felicitación aos 27 concelleiros/as que acaban de tomar posesión, porque en democracia tomar posesión nun concello é unha gran acción, ter sido elixido polos cidadáns é un importante mérito, por iso quero que a miña felicitación sexa para os 27, tanto os que gañaron como os que non gañaron, porque en democracia presentarse diante dos cidadáns para pedir o seu apoio é un acto de valor, é un acto de valor presentarse e aceptar a súa decisión, parabéns ós demócratas, que respectando as normas da democracia, conseguindo e obtiveron representación. O noso recoñecemento aos cidadáns de Vigo, aos preto de 300.000 homes e mulleres de Vigo, hoxe aquí simbolizados polos asistentes a este Pleno e o meu respecto permanente aos traballadores/as deste Concello que tan importantes son na marcha da cidade.

Vigo falou, e falou con voz alta e clara, son os datos obxectivos os que colocan a cada un no seu lugar, preto do 52% do apoio á lista que eu encabecei, 20,5% á segunda lista, o Partido Popular, e 11,5% a terceira lista de Mareas, case que o dobre a lista que eu encabecei que as outras dúas listas que están presentes neste Concello, e un apoio moi uniformemente repartido por toda a cidade, de tal modo que a lista que eu encabecei gañamos no 99% das mesas da cidade, gañamos en 367 mesas dun total de 372, gañamos en tódolos colexios electorais de Vigo, gañamos en tódolos distritos, tivemos e temos o apoio máis importante que

ningún partido conseguiu en Vigo en ningunha elección en toda a democracia; 17 concelleiras/os na nosa lista, aumentamos seis con respecto ao resultado das eleccións de 2011; sete concelleiros do Partido Popular que perdeu seis con respecto ao ano 2011 e tres concelleiros/as da lista de Mareas.

A nosa lista incrementou dende o ano 2011 en 17,5 de apoio, a maior subida que tivo ningunha lista entre as mais importantes de España, o mellor resultado de ningunha das 100 cidades máis importantes de España. O Partido Popular perdeu 22 puntos, nun resultado no que Vigo tomou a súa decisión, Vigo ten a única maioría absoluta neste momento das 40 cidades máis importantes de España, e o mellor resultado de ningunha lista en ningunha grande cidade de España, en termos de grandes cidades o resultado máis próximo que tivemos á lista que eu encabecei, foi o PNV en Bilbao a 12,5 puntos de distancia da lista que eu encabecei. A nosa lista en Vigo obtivo case que os mesmos votos en termos absolutos que o Partido Popular en A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo xuntos, a nosa lista en Vigo conseguiu 4.000 votos máis que as Novas Mareas xuntas en Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, estes son os datos, sen valoración, a valoración que a faga cada un, porque a cidade fixo a súa elección e castigou con severidade aos que non quixeron atendela nin entendela, castigou con toda a dureza aos que non quixeron estar á altura do que se lles pedía, aos que non estiveron na defensa da cidade, aos que non foron cooperativos para a construción da cidade de Vigo. A cidade desterrou a unha forza política deste Concello e aplicoulle a outra forza política un moi severo correctivo. Aos que viñan de salvadores falsos, créndose as súas propias versións, a cidade púxonos no seu sitio. Destapou Vigo moitas mentiras, acórdanse dalgunhas? Saben cal foi o resultado electoral nos colexios electorais Illas Cíes e Perpetuo Socorro? Alí, ao carón onde algúns querían parar a democracia e a decisión de poñer o Alfageme, acórdanse de cal foi o resultado? Pos voulo dicir, a nosa lista nesa mesa electoral obtivo 53,1% dos votos, a nosa lista nese colexio electoral obtivo o resultado máis importante que ningún partido obtivo nese colexio electoral na democracia, o Partido Popular 17,5%, Marea 11,6%, e o Bloque Nacionalista Galego 5,3%, volven ser os datos, 53, 17, 11 e 5 os que volven a falar, en toda a cidade e nos lugares onde algúns quixeron facer mentira antidemocrática, era a demagogia dos antidemócratas que foi derrotada alí onde está o barco e en todo Vigo, nas urnas,

onde fala a democracia.

Agora preguntamos, non van pedir perdón? Porque xa toda España sabe que eran farsantes, demagogos e mentireiros, toda España.

Pero a vida segue, e en Vigo seguen a falar os feitos e a democracia. Garden silencio, volven a ser os mesmos antidemócratas de sempre, garden silencio.

En Vigo seguen a falar os feitos e a democracia, humanizamos preto de 700 rúas por todo Vigo, polo rural e polo centro, o rural abandonado por algúns foi nestes oitos anos máis atendido que nunca na historia da cidade, 150 quilómetros de asfaltado, 200 quilómetros de canalizacións, unha grande demanda da cidade, abastecemento, saneamento, renovamos ou creamos 150 parques infantís, instalamos 75 parques de maiores cando no ano 2007 só había un. Máis de 4.000 árbores plantados na cidade, máis de 3.500 árbores para permitir a convivencia de tanta xente, quince pistas deportivas remodeladas, catro escobas de platino pola limpeza da cidade e a OCU recoñecendo a calidade da nosa cidade en limpeza. Unha nova depuradora para Vigo, un logro importante, clave, estamos na recuperación permanente do Lagares e temos máis bandeiras azuis que ningunha outra cidade de España. Abrimos novos espazos xuvenís, ofrecemos 140.000 prazas para campamentos de verán, remodelamos as liñas, conxelamos e rebaixamos o prezo dos autobuses urbanos, fixemos un novo parque de bombeiros en Teis, renovamos os vehículos da Policía Local, incorporamos 25 novos axentes, adoptamos medidas de apoio á mobilidade en moto, recoñecidas polas principais asociacións de moto de España, abrimos tres novos pavillóns deportivos, tres novas piscinas, tres novos campos de fútbol, 75 millóns ao deporte vigués, impulsamos o complexo deportivo de Navia e a remodelación integral do estadio de Balaídos, onde algúns non quixeron estar, creamos novos espazos culturais, biblioteca Neira Vilas, Pinacoteca, Centro Vigués de Arte Fotográfica e Auditorio do Mar de Vigo, levamos a arte urbana ás cidades, medianeira ou as novas prazas, brillantes na cidade de Vigo. Mantemos case que en exclusiva a actividade cultural viguesa e o Marco de Vigo, organizamos actividades de apoio e fomento á nosa lingua, o século e medio de cantares galegos de Rosalía. Reforzamos o turismo e a promoción turística coa bandeira do gran proxecto Cíes, Patrimonio da Humanidade, remodelamos os mercados do Progreso e Berbés, promovemos taxa cero a terrazas, impulsamos campañas co sector comercio, destinamos 50 millóns

ao mantemento e mellora dos colexios públicos de Vigo, demos máis de 3.000 becas de inglés para que nenos/as de Vigo estuden inglés en Inglaterra. Consequimos a UNED para Vigo, duplicamos as prazas de escolas infantís, damos cada ano 5.000 becas de libros e comedor escolar, onde por primeira vez na historia da cidade non hai listas de espera, temos agora un urbanismo legal, pulcro e transparente, desenvolvemos o Plan Xeral cun 43% de vivenda protexida nunha gran bandeira de apoio aos que necesitan vivenda, facemos propostas e planeamentos como o Barrio do Cura, apertura de novas áreas comerciais e prazas públicas, cedemos só para a Universidade, só para Citroën, para garantir o futuro tan importante desta industria, rehabilitamos os cascos históricos con máis de 30 millóns de euros, revitalizamos o patrimonio histórico, a Casa do Patín, o Centro de Interpretación de Toralla, a muralla do Castro, impulsamos o Vigo vertical coas escaleiras mecánicas de Segunda República e o ascensor en construción en Menéndez Pelayo, e estivemos na perenne defensa de Vigo, na defensa da cidade de Vigo, na nosa Caixa de Aforros, da Area Metropolitana, do Aeroporto, da estación do AVE, dos voos ao aeroporto, da depuradora, da sanidade pública e o hospital co laboratorio, a ampliación de Rande, o Auditorio Mar de Vigo, a apertura da ETEA, o rexistro e o xulgado mercantil, o partido xudicial, a defensa do sector naval no tax lease, e non vimos a moitos alí, ao contrario, atopámoslos enfronte defendendo intereses doutros territorios de Galicia. No apoio ao emprego, como factor central das necesidades, 17.000 empregos creados nestes anos, nas políticas keynesianas e na creación directa dos programas de emprego, máis en termos proporcionais que ningún concello de España, ningún concello de ningunha cor política de España fixo unha política de emprego como fixemos en Vigo, e nas políticas sociais aquí en Vigo, a política social máis importante de ningún concello de España, 1.007 axudas a hipotecas e alugueres, 854 á enerxía e 755 á alimentación, a tarxeta da dignidade que os cidadáns que a necesitan teñan a dignidade de ir comprar a calquera establecemento de Vigo cunha tarxeta de crédito exactamente igual aos que temos a fortuna de ter un emprego, un millón de euros para axudas de emerxencia social, medio millón en axudas a comedores sociais que teñen case como única achega pública a que fai o Concello de Vigo. Un albergue aberto no medio da crise, cando o resto dos Concellos de España os pechaban, ou tres millóns de euros para servizo de axuda no fogar para

dependentes e a teleasistencia, lémbrense? A teleasistencia, a que algúns abandonaron e nós puxemos en marcha, ou 5.000 becas de libros e comedores escolares sen lista de espera por primeira vez na historia da cidade de Vigo, o Cedro con máis dun millóns de euros de achega municipal mentres a Xunta de Galicia que é a que ten a competencia e obriga, rebaixa a súa achega, nolo recoñeceron no Plan Nacional de Drogas a nosa política de prevención sobre drogadicción e nas políticas de igualdade, un concello onde as mulleres entran pola porta grande, apoiamos a rede de mulleres veciñais contra os malos tratos, e adicamos 1.200.000 euros en políticas de igualdade e prevención, nesa tan importante loita a favor da igualdade e en contra da violencia de xénero, e cando eu cheguei a este Concello, as alcaldesas/es tiñan escolta, eu renuncie á escolta, que me vai pasar a min en Vigo na miña cidade de sempre? E esa escolta, eses policías adícanse a darlle protección a mulleres vítimas de violencia de xénero, que aí é onde deben estar.

Somos o Concello mellor xestionado de España, neste mes de xuño teremos débeda cero, o primeiro concello de España que acada débeda cero, pagamos aos acredores e ás empresas os primeiros de toda España, de 8.122 concellos de tódalas comunidades autónomas, de tódolos organismos das comunidades autónomas, do Goberno de España e de tódolos organismos do Goberno de España, somos con diferenza os primeiros en prontitude de pago, que é importante para as empresas cobrar en tempo e non estar con créditos e dificultades financeiras, baixamos taxas, baixamos impostos e temos superávit e transparencia, canto se fala de transparencia, somos o Concello máis transparente de Galicia segundo Transparencia Internacional de España que é o organismo máis acreditado en falar de transparencia, o Concello máis transparente de Galicia. Estamos entre os concellos máis transparentes de España, 95 puntos de cualificación sobre 100 que acreditan a transparencia do Concello de Vigo, e son as mentiras dalgúns que reclaman esa transparencia que basta cun click, ir á páxina web do Concello para atopala toda alí, pero as mentiras cren que ás veces conseguen eficacia, somos acredores dun premio ao noso proxecto pola plataforma de xestión global de cidade intelixente e premio nacional de administración e contratación electrónica, o que algúns que aparecen novos na política reclaman, levamos nós anos facendo contratación a través da rede e na nube, contratación

electrónica clara, transparente e diáfana, a claridade e a transparencia do Concello de Vigo.

Pero con todo a nosa man tendida, e quérollo dicir aos dous grupos políticos da oposición a nosa man tendida para o diálogo democrático e para a cooperación, a nosa man tendida para facer xuntos esta andadura de Vigo tan importante e capital, porque xuntos iremos mellor, teremos goberno e encabezarei e terei o honor de ser o Alcalde de Vigo porque nolo deron quen o teñen que dar, os cidadáns, concelleiras/os do grupo Socialista, foron os cidadáns os que nos nomearon, e faremos o que máis nos gusta, traballar por Vigo e estar entre a xente, non cun pe na rúa, os dous, o corazón e a alma sempre na rúa, como estibemos durante oito anos, dialogando cos cidadáns en tódalas partes, na rúas, nas asociacións, nas festas, nos debates, na cultura, nos eventos deportivos, nos partidos do Celta e aí seguiremos e por iso presento a miña candidatura a Alcalde, porque os cidadáns de Vigo nolo mandaron, nos deron apoio, un inmenso apoio. Moitas grazas.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Rematadas as intervencións lémbrolles que o sistema de votación de Alcalde/sa vai ser ordinario a man alzada, comezaremos a votación de grupos de menor a maior.

Votos a favor do concelleiro don Rubén Pérez Correa?

VOTACIÓN: Tres votos.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Votos a favor da concelleira dona Elena Muñoz Fonteriz?

VOTACIÓN: Sete votos.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Votos a favor do concelleiro don Abel Caballero Álvarez?

VOTACIÓN: Dezasete.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Dos votos emitidos dáse o seguinte resultado, votos a favor de don Rubén Pérez Correa, 3; votos a favor da concelleira dona Elena Muñoz Fonteriz, 7; votos a favor do concelleiro don Abel Caballero Álvarez, 17. Queda proclamado Alcalde da fiel, leal, valorosa e sempre benéfica da cidade de Vigo, don Abel Caballero Álvarez do Partido dos Socialistas de Galicia PSOE ao ter obtido 17 votos, moi por enriba da maioría absoluta.

O SECRETARIO: O Alcalde electo de conformidade co sinalado no artigo 118 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 16 abril, debe proceder a prometer ou xurar o cargo para o que ten sido elixido.

SR. CABALLERO ÁLVAREZ: Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

O SECRETARIO: De seguido o Alcalde, o excelentísimo Sr. D. Abel Caballero Álvarez, en presenza do Sr. Interventor Xeral do Concello, procede á sinatura da actas de arqueo do Concello e dos Organismos Autónomos municipais: Universidade Popular, Instituto Municipal dos Deportes, Vigo-zoo e Xerencia Municipal de Urbanismo.

INTERVENCIÓN DO ALCALDE: Concelleiras/os, gracias polo voso voto, gracias pola vosa designación, pero sobre todo moitas gracias ao pobo de Vigo pola confianza que nos deu, moitas gracias ao pobo de Vigo polo seu apoio, porque nada hai tan importante para min en política como ser Alcalde de Vigo, nada tan emocionante como ser Alcalde de Vigo, Alcalde desta gran cidade, e sinto no máis profundo un inmenso recoñecemento aos cidadáns que nos deron este gran apoio, sabemos o que significa, entendemos a mensaxe e con toda a humildade seguirémola ao pe da letra, non imos fallar. Nada hai máis importante para min que a cidade, os cidadáns, as viguesas/es, o primeiro Vigo, despois Vigo e despois Vigo.

Tres puntos require a boa gobernación: ciencia, experiencia e conciencia, dicía Carlos V, aquel emperador cabaleiro andante, que valoroso encabezaba as súas tropas como un soldado máis, e aí trataremos de estar, sempre entre a xente, coa

xente, aprendendo e actuando para que sexan os feitos os que falen e coa xente, cos cidadáns elaboramos nestes oitos anos o proxecto Vigo, e nos vindeiros anos seguiremos facendo realidade e renovando coa xente, falando con todos/as, incorporando novas ideas que nos dan os cidadáns en estudos transcendentales ou en breves conversas nunha rúa ou nun parque. Por iso este proxecto é indestrutible porque nace e se enraíza no pobo. O pobo é o que máis ordena cantaba Alfonso, e o pobo é quen máis ordena para nós, e se algúns seguen berrando nós seguiremos falando coa xente.

Nesta cidade, a da ría, a das Illas Cíes, a dos parques forestais, a do cinto de montañas, a do Parque de Castrelos, é o noso compromiso coa xente de Vigo, cos bos e xenerosos que recita o himno de Pondal, cos que buscan o seu emprego e lles garante a Constitución pero lles nega o sistema, cos que demandan a súa sanidade pública a cal encomendan a súa vida, cos que queren a súa educación pública de calidade que forza á igualdade e que algúns queren romper, é o noso compromiso cos que queren a seguridade no seu emprego, con salarios dignos que se levantan cada mañá con inquietude do seu futuro e da súa familia, e o noso compromiso cos maiores aos que tanto debemos e cos máis pequenos na cidade da infancia, é o noso compromiso coas mulleres que demandan a igualdade, é o noso compromiso cos golpeados pola crise dos especuladores asasinados para que Vigo siga sendo a cidade coa política social máis importante de España e coa creación de emprego como obxectivo irrenunciado, é o noso compromiso con todas/os porque para todos e todas gobernamos e para todos/as queremos seguir facendo cidade, pero máis, para os que máis o necesitan, queremos a Vigo no seu papel, no seu propio destino, na súa propia axenda, “son o dono do meu destino, son o capital da miña alma”, escribía Henley, e aí estará Vigo, sendo patrón do seu rumbo elixido pola cidade, na súa propia economía que nos da a vida, a industria do automóbil, do naval, da pesca, do turismo, do granito, da universidade, da tecnoloxía, sabendo que do seu éxito depende de todos, e sabemos do noso empeño en saír adiante e non sairemos da crise ata que o comercio non atope o seu espazo vital, a súa comodidade e a súa capacidade de atopar riqueza, Illas Cíes, obxectivo patrimonio da humanidade, o noso santo sinal, o do medio ambiente, o do amor ao mar, o da nosa visión hospitalaria do mundo, meta irrenunciado da nosa querencia, nunha cidade universal, na globalización que



quere ter o dereito a súa conexión co mundo ao que viaxamos e co que comerciamos, aeroportos e voos, a defensa de Peinador, o lema que nos levou a rúa nun camiño compartido da defensa de Vigo, e aí seguiremos, sen ceder os ataques ás nosas causas xustas e a necesidade do AVE directo a Madrid e coa estación de Thom Mayne que algúns están a atrasar. Os que decidiron que Vigo quedaba excluído do AVE, que estaría noutros territorios de Galicia, amosámoslle a nosa forza e dicímoslle á cidade que é momento de retomar con tódalas gañas a súa demanda, e o recoñecemento que no Aeroporto, Estación e Depuradora houbo avances que apreciamos pero estamos nun novo tempo de recuperar atrasos habidos nos últimos anos pola crise, quizais, pero atrasos e a nosa centralidade na alta velocidade no tren Oporto-Vigo-Madrid nesta área territorial sur de Galicia, norte de Portugal de catro millóns de persoas, nos agarda no tempo.

Vigo falou o 24-M alto é claro, e moitas cousas terán que cambiar na cidade e no trato que outros dispensaron á cidade, moitos teñen que escoitar as palabras da cidade máis importante, xa non de Galicia senón do norte e oeste España, non ocupa Vigo o lugar relevante que lle corresponde na grande Galicia, e así, porque non o entendía tivemos que saír a rúa para defender e conquistar tantas causas que eran e son a nosa esencia, nas finanzas, no aeroporto, no partido xudicial, por iso é tempo dunha administración acorde ás necesidades do Gran Vigo, precisase unha área metropolitana axustada ás necesidades de Vigo e dos municipios que concorren na área. Unha gran ultraxe foi a Lei da área metropolitana que condenaba a Vigo a ser gobernada dende fora, por un intento do goberno de Galicia de minimizar esta cidade, unha lei que tivemos que parar, pero inauguramos un novo tempo o de corrixir os erros da Xunta de Galicia, é preciso cambiar aquela nefasta Lei por outra acorde ás necesidades de Vigo e da súa área, máis Vigo e menos intento de control partidario dende a Xunta de Galicia, porque máis Vigo será sempre máis e mellor Galicia.

A estación Intermodal, a cidade da Xustiza, os voos dende Peinador e tantas outras demandas, a nosa man tendida para acordar coa Xunta de Galicia dende aquilo que consideramos xusto e o que a Vigo lle corresponde, nosa man tendida.

A nosa man tendida para falar con tódolos que queiran seguir na construción da cidade, como a cidade nos demanda, pero non para que dende Vigo teñamos que asumir as imposicións doutras administracións que queren cargarnos co custo da

súa inacción ou da súa maior atención a outros territorios, non aceptamos os que cada vez que hai que falar adican a súa voz a obrigar a esta cidade a facerse cargo de custos que deberían ser doutros. É un novo tempo para a Deputación, debe cumprir coas súas obrigas e os seus compromisos coa cidade, para que Vigo reciba aquilo ao que ten dereito, nin máis nin menos, o que nos corresponde, Vigo non quere nada que non sexa noso, pero non imos consentir que se nos sega a negar o que nos corresponde.

Galicia tira, si Vigo tira, e Galicia camiña se Vigo camiña, pero a locomotora, Vigo, quere ser sustancia na decisión do camiño e non mera testemuña pasiva como sucedera ata hai uns poucos anos, esta foi a voz da cidade o 24 de maio, e esta seguirá a ser a súa voz e a súa palabra, non abonda con saber, tamén hai que aplicar, non é suficiente querer, tamén hai que obrar, sentenciaba Goethe, e agora seguirá a marcha da cidade pero aínda máis rápida que nunca. Seguiremos humanizando rúas, facendo parques infantís e de maiores, instalacións deportivas e os imbéciles escuros seguirán sen ver iso que é a sostibilidade, o emprego e o progreso, estamos a facer unha cidade distinta á altura da dignidade dos seus cidadáns, pero uns poucos seguirán coa súas voces e nós seguiremos mirando aos ollos das mulleres e homes de Vigo, sorrindo todos porque sabemos que todo isto é o que durante décadas soñabamos.

Seguiremos acordándonos dos vellos mestres da economía, Ricardo, Keynes, Joan Robinson, Paul Samuelson, o meu mestre Rafa, Galbraith, os actuais premios Nobel, Amartya Sen, Joseph Stiglitz, Paul Krugman, que nos dicían que na crise é cando o público ten que tirar para xerar emprego e acabar coa miseria, por iso a creación de emprego directo “keynesiano” seguirá orientando a nosa acción na cidade de Vigo e os que non o entendan, lles aconsellamos que lembren a Shakespeare, a ignorancia é a maldición de Deus.

Seguiremos coa revolución da cultura na cidade, coas bandas de música, as corais, as orquestras sinfónicas, os grupos folk e co Mar de Vigo, e seguiremos esixindo o mesmo trato para a cultura de Vigo que a que se lle da a outras terras de Galicia, Vigo seguirá sendo factoría de cultura e seguirán as mostras de arte na rúa, as medianeiras, a pintura entre os cidadáns, as novas prazas para gozar e amosar unha cidade distinta.

A política social de Vigo seguirá sendo e ocupando a cabeza de tódalas que se

aplican en España, porque en Vigo non queremos a ninguén sen vivenda, sen enerxía, sen electricidade ou sen alimentos, queremos o Albergue e as bolsas do comedor sen que os nenos/as agarden en lista de espera.

A nosa firme aposta pola educación pública, ningún mozo/a sen bolsa de inglés, daranse tantas bolsas de inglés como se soliciten e acabaremos con aquilo de que viaxaban a estudar inglés a Inglaterra os fillos dos donos das fábricas, agora viaxan os fillos/as dos traballadores. Máis carreiras na UNED, abandonada en Vigo pola Deputación e pola Xunta de Galicia, pero agora máis que nunca dende aquí queremos demandar a derogación da Lei Arsal, a lei que deixará a 8.122 concellos de España sen competencias en política social e en Educación, quero transmitir a nosa esixencia de devolver os seus dereitos aos desherdados da terra, quero esixir a posibilidade de atención dende os 8.122 concellos de España a asistencia máis cerca aos que máis o necesitan, a asistencia de Vigo, a asistencia dos concellos. Sr. Rajoy, derogue a Lei de racionalización e sostibilidade das administracións locais como lle estamos reclamando 3.500 concellos para que en Vigo podamos continuar coa política social.

As contas claras e transparentes, seguiremos en débeda cero, impostos baixos, transporte público e auga, alcanzables, facendo da sabedoría da boa xestión o noso bastión inexpugnable, lonxe das quebras de tantos concellos e comunidades autónomas camiño da catástrofe e nunca nos conformaremos cun hospital privado que ademais hoxe sabemos que terá a metade das camas das que se requiren e tampouco nos conformaremos nunca cunha área sanitaria empequencida e nunca aceptaremos un hospital sen laboratorio central de referencia, tamén sobre isto Vigo falou.

O Aeroporto que é a economía, comercio e turismo que son a vida, e seguirán os nosos esforzos para que Vigo ocupe o seu lugar en España, no municipalismo español, en España cunha senda que imos percorrer porque a cidade soubo decidir o seu destino no medio dunha gran inestabilidade política que vai e que haberá, e que non llo desexamos a tantas e tantas cidades de Galicia e de España. Vigo sabe como e por onde quere transitar, era o mesmo Cervantes quen o escribía, cada un fábricase o seu destino, non ten aquí a fortuna parte algunha, e foi sempre a leal cidade quen quixo elixir a súa vontade, facer a súa vontade, decidiu con contundencia e así lémololo nós, Vigo votou por Vigo, nós representámolo porque a

cidade así o decidiu, pero sabemos que é un voto Vigo, e así, con toda a humildade querémolo dicir, pero que ninguén se equivoque é un voto firme, forte e orgulloso porque os cidadáns tamén antepuxeron a propia cidade a súa propia visión política, iso é o que fai tan forte e sólido o momento e os tempos que estamos a vivir e que viviremos e iso volve a este proxecto consistente, non é unha situación pasaxeira é un Vigo orgulloso, forte coa proa situada cara a o seu destino. Así tendemos a man e chamamos á Xunta de Galicia, á Deputación e ao Goberno de España ao diálogo coa cidade e aí nas súas rúas de Vigo segue Álvaro Cunqueiro con vello Sinbad camiño das Illas, Paco Fernández del Riego e os renovadores Laxeiro e Colmeiro, con Celso Emilio Ferreiro e se lle sumirá pronto, Carmen Kruckenberg e a súa rúa, poesía viva, e aqueles alcaldes que fixeron a cidade Vázquez Varela, Martínez Garrido e Blein Budiño, e Xan Compañel empeñado na publicación eterna de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, rúas, prazas, avenidas da cidade que milleiros de vigueses/as camiñan tódolos días, as rúas, prazas e cidades destes nomes míticos na nosa historia pero eles están aí, quizais na praza de Peniche, ou mesmo na praza de Martínez Garrido, obra dos mestres modernos da pintura, eles/as están aí, charlando do que debe acontecer en Vigo e nese faladoiro quizais concluirán en dicirnos que sempre sexamos Vigo.

Concluídos os debates ás nominacións levántase a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda